

INSTRUCCIÓN PARA A INTERPRETACIÓN E APLICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PEL PEMES E PEL EMPRENDE DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL)

Debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE núm. 67 da mesma data e seguindo a recomendación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza establecidas na Resolución de 15 de marzo de 2020 publicada no DOG núm. 51 da mesma data, faise preciso ditar as instrucións necesarias para garantir o obxectivo xeral das axudas do Plan de Emprego Local, nas liñas PEL Emprene e PEL Pemes en todas as anualidades que se vexan afectadas.

Estas axudas, enmarcadas nas liñas 2 e 3 do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña Local forman partes das medidas que o Plan de emprego está a levar a cabo na súa estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

As medidas urxentes extraordinarias que o Goberno de España está articulando para facer fronte ao impacto económico e social do COVID -19 e acadar a viabilidade da actividade empresarial e mantemento do emprego coinciden que nestes momentos faise indispensable adoptar determinadas medidas para reforzar a liquidez do tecido produtivo e evitar a saída do mercado de empresas solventes afectadas negativamente por esta situación transitoria e excepcional.

Todas estas medidas están recollidas nos seguintes Reais Decretos-leis: o **Real Decreto-lei 6/2020**, de 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública; o **Real Decreto-lei 7/2020**, de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19; o **Real Decreto-lei 8/2020**, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, o **Real Decreto-lei 9/2020**, de 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19 e o **Real Decreto-lei 11/2020**, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

En todo este regulamento impera a necesidade de adoptar determinadas medidas para reforzar a liquidez do tecido produtivo e evitar a saída do mercado de empresas solventes afectadas negativamente por esta situación transitoria e excepcional.

Así, no seu expositivo VII, o Real Decreto 8/2020 establece que a adopción de medidas de carácter económico mediante Real decreto-lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorra unha motivación explícita e razoada da necesidade –entendendo por tal que a conxuntura económica esixe unha rápida resposta– e a urxencia –asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción das medidas de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo.

Nestes difíciles momentos, non debemos obviar que dende a súa posta en marcha, o PEL converteuse nun importante instrumento de apoio ao tecido empresarial da provincia, a través das súas diferentes liñas de axudas, coas que a institución provincial apoia a consolidación e o fortalecemento do tecido empresarial, axudando ás pequenas empresas, autónomos e

empresarios na creación de emprego e no financiamento de investimentos que contribúen a modernizar as empresas do ámbito provincial e facelas máis competitivas.

As administracións públicas, na defensa conxunta dos intereses socioeconómicos dos seus territorios, deben protexer ás empresas, persoas traballadoras e autónomas en momentos de crise como se está a vivir coa expansión do COVID 19 establecendo medidas extraordinarias **que dean resposta inmediata ás dúbidas que están xurdindo nas empresas da nosa provincia** respecto a como afecta o regulamento do Goberno Central, ao cumprimento dos requisitos e obrigas das liñas PEL Pemes e PEL Emprende nas súas diferentes convocatorias,

En consideración ao exposto, propónse á Presidencia que preste a súa conformidade ás seguintes:

INSTRUCCIÓNS PARA A INTERPRETACIÓN E APLICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PEL PEMES E PEL EMPRENDE DO PLAN DE EMPREGO LOCAL

Primeira:

Con carácter xeral, **todos os prazos establecidos nas Bases Reguladoras das axudas PEL Pemes e PEL Emprende das anualidades 2018, 2019 e 2020 que se vexan afectados, quedan interrompidos mentres dure o estado de alarma e o seu cómputo renovarase unha vez rematado o mesmo**, en aplicación da normativa do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia: Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática (publicado no BOE Num. 67, de 1 de marzo) e as súas posteriores prórrogas.

Segunda:

As empresas que cumpran os requisitos previstos do Real decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. (BOE Núm. 73 de 18 de marzo de 2020) e se acollan ás medidas recollidas no Real Decreto en materia de suspensión temporal de contratos e/ou redución temporal da xornada (ERTEs) que perseguen evitar que, unha situación conxuntural como a actual, teña un impacto negativo de carácter estrutural sobre o emprego, **non se considerarán como incumprimento na obrigación de manter o nivel de emprego esixido nas liñas PEL Pemes nas súas diferentes convocatorias** e sempre que a suspensión se produza polo período de duración do ERTE e este debidamente xustificada pola entidade beneficiaria da axuda.

Terceira:

Nos supostos nos que **as empresas decidan a suspensión dos contratos e/ou a redución temporal da xornada de traballo polas causas previstas no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e cumpran as circunstancias extraordinarias reguladas no Real decreto-lei 8/2020, non se considerarán como incumprimento na obrigación de manter o nivel de emprego** esixido nas liñas PEL Pemes nas súas diferentes convocatorias e sempre que a suspensión se produza polo período de duración das causas que motivaron a suspensión, e este debidamente xustificada pola entidade beneficiaria da axuda.

Cuarta:

Nas Liñas PEL Pemes mantense a obriga de manter o posto de traballo subvencionado mínimo 12 meses, **quedando ampliados os prazos para xustificar este compromiso** no mesmo tempo de vixencia do ERTE por forza maior, ou das causas económicas sobrevividas que motivaron as suspensións e sempre que a entidade ou a persoa autónoma beneficiaria xustifique debidamente esta situación.

Quinta:

No caso das persoas autónomas que se acollan ao cese da súa actividade pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e reúnan os requisitos esixidos no Real Decreto Lei 8/2020, **non será considerado**

incumprimento o tempo que permanezan nesa situación amparados neste Real decreto lei, aos efectos das axudas PEL e sempre que a persoa autónoma beneficiaria xustifique debidamente esta situación.

Sexta:

No caso das **persoas autónomas que se acollan ao recollido na Sección 2.ª: Medidas de apoio aos autónomos do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo**, durante o período polo que se lle certifique a moratoria, consideraranse ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social a efectos das axudas PEL nas súas diferentes convocatorias, e sempre que a entidade beneficiaria xustifique debidamente esta situación.

Estas instrucións de interpretación e aplicación teranse en conta para todas as liñas e anualidades do Plan de Emprego que se vexan afectadas.

A Coruña, 8 de abril de 2020

**O xefe de servizo de Promoción Económica, Emprego e Turismo
O xefe de servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
Conforme: O Presidente**